



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliacións medias en decembro de 2023**

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de decembro do ano 2023 acadou a cifra de 1.062.283 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de novembro de 2023 de 1.283 afiliacións (-0,12%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.836.010, rexistrando un aumento do 0,14% con respecto ao pasado mes de novembro.


Na comparativa interanual (decembro de 2023 con decembro de 2022) obsérvase un aumento de 20.020 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,92%) e un aumento do 2,66% (539.740 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de novembro de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en dez comunidades autónomas, destacando Andalucía (0,76%) e Canarias (0,72%); mentres que en sete comunidades autónomas baixan as afiliacións, destacando Illes Balears (-4,07%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias e Madrid con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2023	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.836.010</b>	<b>29.937</b>	<b>0,14</b>	<b>539.740</b>	<b>2,66</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.062.283</b>	<b>-1.283</b>	<b>-0,12</b>	<b>20.020</b>	<b>1,92</b>
Andalucía	3.376.677	25.505	0,76	64.357	1,94
Aragón	607.237	555	0,09	15.349	2,59
Asturias	380.073	793	0,21	7.576	2,03
Illes Balears	472.912	-20.069	-4,07	14.891	3,25
Canarias	910.207	6.520	0,72	34.634	3,96
Cantabria	226.932	-365	-0,16	3.113	1,39
Castilla La Mancha	772.693	4.154	0,54	18.389	2,44
Castilla y León	961.386	-744	-0,08	20.908	2,22
Cataluña	3.709.808	-3.548	-0,10	94.028	2,60
Comunitat Valenciana	2.134.226	284	0,01	61.198	2,95
Extremadura	412.216	554	0,13	7.142	1,76
Madrid	3.659.405	16.601	0,46	135.033	3,83
Murcia	646.333	1.022	0,16	14.497	2,29
Navarra	305.749	-2.117	-0,69	5.782	1,93
País Vasco	1.012.947	1.716	0,17	18.870	1,90
La Rioja	136.555	-85	-0,06	2.690	2,01
Ceuta e Melilla	48.374	444	0,93	1.261	2,68

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,20%, seguida de Pontevedra (1,86%) , Ourense (1,60%) e Lugo (1,34%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de decembro con respecto ás do mes de novembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,12%. Pontevedra (-0,20%), A Coruña (-0,16%) e Lugo (-0,03%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa, mentres que Ourense (0,23%) presenta unha taxa de variación intermensual positiva.

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2023	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	460.815	-726	-0,16	9.923	2,20
LUGO	124.115	-37	-0,03	1.642	1,34
OURENSE	105.583	238	0,23	1.667	1,60
PONTEVEDRA	371.770	-759	-0,20	6.788	1,86
<b>GALICIA</b>	<b>1.062.283</b>	<b>-1.283</b>	<b>-0,12</b>	<b>20.020</b>	<b>1,92</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.836.010</b>	<b>29.937</b>	<b>0,14</b>	<b>539.740</b>	<b>2,66</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,95% das afiliacións galegas en decembro de 2023, diminuíron un 0,05% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,77%. En España estas taxas foron do 0,18% con respecto a novembro de 2023 e do 3,11% en relación ao mes de decembro de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,48%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,65%), Ourense (-1,40%) e A Coruña (-0,64%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,05%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,65%. Para este réxime e con respecto ao mes de novembro de 2023, baixan as afiliacións nas catro provincias galegas, Lugo (-0,27%), Ourense (-0,18%), Pontevedra (-0,14%) e A Coruña (-0,13%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,16%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,48% e unha subida intermensual do 0,02%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a decembro de 2022, baixan as afiliacións na Coruña (-12,35%), Lugo (-4,55%) e Pontevedra (-3,62%). A taxa galega acadada entón o -6,20%, inferior á de España (-2,51%). Con respecto a novembro de 2023, A Coruña (-4,42%), Pontevedra (-2,35%) e Lugo (-0,13%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un descenso do 2,75% con respecto a novembro de 2023. A taxa nacional é do -3,19%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	460.815	-0,16	2,20
LUGO	124.115	-0,03	1,34
OURENSE	105.583	0,23	1,60
PONTEVEDRA	371.770	-0,20	1,86
GALICIA	1.062.283	-0,12	1,92
ESPAÑA	20.836.010	0,14	2,66
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	372.198	-0,10	3,09
LUGO	91.196	0,06	2,51
OURENSE	83.104	0,34	2,45
PONTEVEDRA	292.218	-0,13	2,53
GALICIA	838.717	-0,05	2,77
ESPAÑA	17.431.739	0,18	3,11
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.594	-0,13	-0,64
LUGO	31.506	-0,27	-1,65
OURENSE	22.478	-0,18	-1,40
PONTEVEDRA	67.298	-0,14	0,05
GALICIA	204.876	-0,16	-0,65
ESPAÑA	3.344.368	0,02	0,48
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.024	-4,42	-12,35
LUGO	1.413	-0,13	-4,55
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.254	-2,35	-3,62
GALICIA	18.690	-2,75	-6,20
ESPAÑA	59.007	-3,19	-2,51

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>